



ARRAIANOS  
PRODUCCIÓN S

 RADIOVIGO

Casa Galega da Cultura

CONCELLO  
DE VIGO



## **RADIO VIGO** **90 ANOS DE HISTORIA DA CIDADE** Na procura da palabra axeitada

Queremos atopar unha palabra para definir a relación entre a radio e a audiencia. Non somos da familia, pero a radio vai connosco no móbil e no coche, e deixámola entrar na casa con tal confianza que coñece até a nosa cociña, baño e dormitorio. Non é cousa de días, semanas ou meses. A relación de Radio Vigo cos oíntes fai xa noventa anos e aínda seguimos na procura da palabra axeitada.

A radio na II República, coas súas esperanzas e convulsións; durante o golpe de estado militar, a guerra civil, a represión franquista e a ditadura; na chegada da democracia, da autonomía e do progreso social; no delirio dunha burbulla financeira que levou a unha crise global, ou durante esa pandemia que parou o mundo facéndonos reparar na nosa propia fragilidade.

Houbo mudanzas na fisionomía de Vigo e na propia localización da emisora, nos hábitos da xente, no urbanismo, na sociedade, na economía e na cultura. Levamos xa case un século de convivencia, vibrando e respirando canda a radio, en horas, minutos e segundos, coma un corazón que latexa e sintoniza coa enerxía de Vigo e das Terras de Turonio.

Despois de noventa anos de vida canda catro xeracións de oíntes, seguimos na procura da palabra que mellor defina nosa relación. Nesta exposición multimedia, organizada arredor das catro sedes que tivo a radio, descubrimos os rostros, os obxectos, as historias e as voces dalgunhas das persoas que estiveron, están e van estar ao noso carón para informarnos, entreternos e acompañarnos. A ver se así, entre todas e todos, damos por fin coa palabra axeitada...

Aser Álvarez. Comisario da exposición.







"La Unión" e "Golpes Bajos" enchen Castrelos nun concerto organizado pola emisora en 1984.

# RADIO VIGO

## 90 ANOS DE HISTORIA DA CIDADE

Un proxecto expositivo comisariado por Aser Álvarez  
Deseño de Arraianos Producións,  
Luis Boullosa e Aldán Delgado

---

Casa Galega da Cultura  
Praza da Princesa, 2. Vigo

---

Do 25 de abril ao 30 de xuño

**Luns a venres:** de 18:00 h a 21:00 h.

**Sábados:** de 12:00 h a 14:00 h e de 18:00 a 21:00 h

**Domingos e festivos:** de 12:00 h a 14:00 h

---



Descarga o folleto  
en castelán



Enlace aos audios  
da exposición



Tip y Coll, nunha actuación en  
Radio Vigo



**REDE DE MUSEOS**  
**CONCELLO DE VIGO**  
Casa Galega da Cultura

**CONCELLO  
DE VIGO**

